



O tema LGTB nas relacións entre a relixión e a moral

Andrés Torres Queiruga¹

Os problemas ético-morais camiñan coa humanidade, e van tomando distinta fasquía conforme ás circunstancias culturais que atravesamos a humanidade. De seu, a problemática LGTB non é nova. Pero é nova a súa actualidade e son novas as condicións en que se debe realizar o seu axuizamento moral. A relixión non pode quedar allea a esta importante mutación e necesita abordala cunha interpretación actualizada, poñendo á contribución do ben humano o mellor da súa tradición.

En concreto, os textos bíblicos, tanto pola súa longa xestación como polo seu forte influxo cultural, precisan con urxencia pór ao día o seu instrumental hermenéutico e a súa capacidade de compromiso coa auténtica realización humana. E debe facelo sobre todo alí onde as discriminacións e os abusos poidan ameazar a peculiaridade de cada persoa individual ou grupo socio-cultural. É falsa unha hermenéutica que, presa dun literalismo fundamentalista, considera verdades relixiosas o que foron normas ou prácticas éticas da Biblia nun determinado momento. Podían ter explicación e mesmo estar xustificadas no tempo en que foron ditadas, pero, sen una lectura crítica debidamente actualizada, poden levar a unha perversión da súa mensaxe salvadora. No tema concreto que nos ocupa, abonda unha ollada á historia para ver as terribles

1 Andrés Torres Queiruga é o presidente da Asoc. Encrucillada e cofundador desta revista. Coordinou o equipo de especialistas que traduciu a Biblia ao galego e tamén a do Misal. Ensinou Teoloxía Fundamental no ITC e Filosofía da Relixión na USC. É membro numerario da Real Academia Galega. Pertenceu ao Consello da Cultura Galega e foi membro dos consellos de redacción das revistas *Sal Terrae*, *Iglesia Viva* e *Concilium*.